

enquisa á **poboación xeral** sobre a Sociedade da Información en Galiza



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Este documento distribúese baixo licenza

Creative Commons 3.0 Spain Recoñecemento/Non Comercial/ Compartir baixo
a mesma licenza, dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

índice

INTRODUCCIÓN.....	4
0. METODOLOXÍA DO ESTUDO.....	5
I. EQUIPAMENTO DOS FOGARES GALEGOS.....	7
I.1. Ordenador persoal e acceso a Internet.....	7
I.1.1. Equipamento de ordenador.....	7
I.1.2. Conexión a Internet.....	16
I.2. Equipamento electrónico.....	27
I.3. En síntese.....	38
II. UTILIZACIÓN DAS TIC E SERVIZOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.....	40
II.1. Utilización do ordenador.....	40
II.2. Utilización de Internet.....	51
II.3. Utilización persoal do ordenador e Internet.....	65
II.4. Utilización do ordenador e Internet no traballo.....	71
II.5. Utilización do ordenador e Internet no estudo.....	73
II.6. Elementos de seguridade	75
II.7. En síntese.....	77
III. COMERCIO ELECTRÓNICO.....	79
III.1. Perspectiva xeral.....	79
III.2. En síntese.....	86
IV. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE RELACIONADOS CO USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS.....	87
IV.1. O galego e as novas tecnoloxías.....	87
IV.2. Capacitación no uso de novas tecnoloxías.....	90
IV.3. En síntese.....	99

INTRODUCCIÓN

Preséntanse neste documento os resultados da terceira edición da “Enquisa á poboación xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza” do Observatorio Galego da Sociedade da Información, entidade que ten entre os seus cometidos avaliar a difusión e uso das tecnoloxías da información e a comunicación en Galiza e medir a eficacia e o impacto das políticas públicas nesta materia.

A enquisa realizada pretende analizar a situación actual de Galiza no escenario da sociedade da información e a súa evolución, desde a perspectiva do acceso e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte da cidadanía.

O informe estrutúrase en catro capítulos, onde se analiza o conxunto da información extraída da enquisa realizada, respondendo á seguinte secuencia expositiva:

- O primeiro capítulo efectúa unha exhaustiva aproximación ao equipamento dos fogares galegos en relación á dispoñibilidade de ordenador, de conexión a Internet e doutros equipamentos electrónicos.
- O capítulo segundo afonda nos usos tecnolóxicos da poboación galega, incidindo na vertente individual da utilización das novas tecnoloxías desde distintas perspectivas: en primeiro termo, abórdase a utilización do ordenador e Internet de xeito xenérico para, posteriormente, ofrecer unha análise diferenciada dos usos persoais destas tecnoloxías e o seu eventual emprego noutros ámbitos, como o contorno profesional e o da formación e o estudo.
- O terceiro capítulo dedícase ao comercio electrónico, analizando cuestións relativas á adquisición de bens ou servizos a través de Internet.
- Finalmente, no último capítulo abórdanse outras cuestións de interese, como a presenza do galego no ámbito das novas tecnoloxías, a realización de actividades formativas relacionadas cos servizos da sociedade da información, e a propia percepción que a cidadanía ten do seu grao de capacitación para o manexo das TIC.

Tamén convén advertir que, ademais dos datos desta enquisa, se ofrecen gráficos coa evolución de determinados indicadores ou comportamentos nos últimos anos, o mesmo que datos para o conxunto do Estado a efectos comparativos.

0. METODOLOXÍA DO ESTUDO

A Enquisa á Poboación Xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza, do Observatorio Galego da Sociedade da Información, realizouse -considerando integramente o proceso da recollida e tratamento básico da información- entre o 15 de setembro e o 21 de novembro de 2008, respondendo aos criterios técnicos que se expoñen a continuación:

- **Ámbito:** Galiza.
- **Universo:** Poboación galega de 16 a 74 anos.
- **Tipo de enquisa:** Entrevista presencial no domicilio das persoas entrevistadas.
- **Tamaño da mostra:** 1.200 entrevistas para o conxunto de Galiza, distribuídas proporcionalmente por estratos de hábitat -definidos polo tamaño demográfico dos concellos de residencia e a súa posición xeográfica-, sexo e grupos de idade.
- **Tipo de mostraxe:** Mostraxe polietápica estratificada.
- **Execución da mostra:** Catro etapas:
 - Selección aleatoria de concellos en gabinete, conforme a unha ratio de tamaño de sub-mostra convencionalmente fixada, ata obter o número preciso en cada estrato de hábitat.
 - Selección aleatoria en gabinete de seccións censais neses concellos para constituír con elas puntos mostrais en canto ámbito de percorridos para a realización de entrevistas, cun criterio análogo ao anterior.
 - Selección sistemática en campo, ao longo de tales percorridos -xerados con arranque aleatorio previamente definido en gabinete-, de vivendas.
 - Selección aleatoria de individuos nelas, ata cubrir o tamaño de sub-mostra en cada percorrido, con axuste final ás cotas de sexo e idade determinadas para cada estrato de hábitat.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5% $-2\sigma-$, e considerando a variabilidade de proporcións máxima $-p=q=50\%-$, o erro estatístico global é do 2,9% $\pm 2,9\%-$ no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variábel de proporcións.

A enquisa foi obxecto dun control de calidade concretado na supervisión do 20% dos cuestionarios de cada entrevistador/a e nun proceso intensivo de validación en tres momentos: previamente á gravación dos datos en soporte magnético, executándoo por procedementos manuais; no propio proceso de gravación, mediante filtros informáticos, e, por último, mediante unha verificación de consolidación da base de datos resultante.

Co fin de estudar a evolución da sociedade da información en Galiza, recóllense tamén datos correspondentes aos anos 2005, 2006 e 2007, procedentes da Enquisa que realiza o Instituto Nacional de Estadística -INE-, e das realizadas polo Observatorio Galego da Sociedade da Información -OGSI- en 2006 e 2007. Cómpre advertir, no entanto, que a Enquisa do INE, baseada nun dobre cuestionario -a vivendas e a persoas-, toma como universo de referencia o total de vivendas, galegas ou do Estado, para as cuestións relativas ao equipamento, mentres que para aquelas cuestións relacionadas coa utilización de tecnoloxías, a mostra baséase nun universo de individuos con idades comprendidas entre os 16 e os 74 anos.

As ilustracións e comentarios deste informe comezan sempre polos valores globais e perfilanse logo en virtude da posíbel influencia das variábeis independentes que se consideraron a efectos de clasificación: sexo, idade, nivel de estudos, situación socio-laboral, nivel de renda do fogar, tipo deste e hábitat¹. A observación destas variábeis limítase a aquelas que funcionan como factores de modulación dos comportamentos globais.

1.- Se ben a mostra da enquisa foi distribuída en catro estratos segundo o hábitat de residencia: urbano; intermedio, rural interior e rural costeiro, a efectos de análise da información procedeu a unha agrupación dos dous sub-conxuntos correspondentes ao hábitat rural. Igualmente, de xeito sintético, cabe apuntar que o hábitat urbano inclúe unicamente as sete grandes cidades de Galiza; que o hábitat intermedio o integran unha serie de municipios que se sitúan na periferia das sete grandes cidades e que conforman a coroa sub-urbana, así como outros que combinan a característica de constituír a cabeceira de comarca e superar os 10.000 habitantes, o mesmo que o hábitat rural, tanto interior como costeiro, confórmano os concellos de ata 10.000 habitantes que non limitan cunha capital de provincia e que presentan unha serie de trazos de caracterización, entre outros: uns reducidos espazos de urbanización, unha baixa densidade demográfica e un maior peso comparativo das actividades do sector primario.

I. EQUIPAMENTO DOS FOGARES GALEGOS


Expóñense neste primeiro capítulo as cuestións relacionadas co equipamento tecnolóxico dos fogares. Un primeiro epígrafe dedícase ao equipamento en tecnoloxías básicas da información e a comunicación: o ordenador e o acceso a Internet, e no segundo apartado analízanse os datos relativos a outros equipamentos electrónicos.

I.1. Ordenador persoal e conexión a Internet

I.1.1. Equipamento de ordenador

A enquisa pon en evidencia que a proporción de galegos/as que dispón de ordenador persoal no seu fogar está xa preto dos dous terzos -62,3%-. Isto confirma unha tendencia incremental firme e manifesta desde 2005, de xeito que o valor actual é practicamente idéntico ao determinado polo INE para o conxunto do Estado -63,6%-, cando en 2005 Galiza estaba 7,4 puntos por detrás. Ademais, o número promedio de ordenadores por fogar é de 1,4, cando en 2007 era de 1,3. Estes datos, tomados en conxunto, indican un fenómeno máis acusado de extensión social que de incremento relativo dos equipos dispoñíbeis.


G.1. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR



Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Número medio de ordenadores por fogar: 1,4


G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE).
Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galiza, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da sociedade da Información, dato de Galiza, anos 2007 e 2008.

Analizando este indicador segundo as variábeis de clasificación, é destacábel, en primeiro termo, como se dá unha diferenza significativa en favor dos varóns e unha curva descendente, acentuada logo dos 54 anos, segundo a idade aumenta; un feito análogo ao incremento que se produce coa elevación do nivel de estudos.


G.3. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO O SEXO



Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


G.4. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO O GRUPO DE IDADE



Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


G.5. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Tendo en conta que a situación socio-laboral ten en certa medida relación coa idade, a presenza do ordenador no fogar redúcese, de xeito lóxico, na sucesión: estudantes, ocupados/as, demandantes de primeiro emprego, parados/as, persoas dedicadas ao fogar e persoas xubiladas.


G.6. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Dunha maneira que tamén era previsíbel, o nivel de ingresos do fogar establece unha gradación desde o discreto 23%, cando son inferiores aos 600 € mensuais, ata o 91,9% cando exceden os 3.500 €.


G.7. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR ²



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O tipo de fogar resulta unha variábel con clara incidencia: canto máis complexo e numeroso, maior é a proporción afirmativa, sen dúbida porque iso incrementa o número de membros novos con dedicación académica.

G.8. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE FOGAR




Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

2.- Estimado polos/as entrevistados/as como unha referencia mensual agrupando os ingresos por todos os conceptos e de todas as persoas do grupo de convivencia.

O equipamento de ordenador tamén se ve influenciado polo tipo de hábitat. Un 67,6% dos/as cidadáns/ás que viven no medio urbano dispoñen de ordenador fronte ao 58,8% do hábitat intermedio e ao 59,7% do rural.


G.9. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO O HÁBITAT



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A presenza dos ordenadores de sobremesa está amplamente xeneralizada, xa que preto de 8 de cada 10 entrevistados/as que dispoñen dun ordenador afirman telo deste tipo³: unha porcentaxe que en 2007 era 10,6 puntos porcentuais maior. A porcentaxe de persoas con ordenador portátil pasou dun 30,5% no ano 2007 a un 48,3% no 2008. Ademais, a proporción de cidadáns/ás con PDA dobra o valor rexistrado no ano anterior, situándose no 4,9%.

G.10. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR: TIPO DE EQUIPO



Base: persoas que dispoñen de ordenador.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Doutro lado é evidente, de xeito coherente co devandito, a maior antigüidade dos ordenadores de sobremesa, levemente acentuada respecto dos datos do pasado ano.

3.- Téñase en conta que se trata dunha pregunta de resposta múltiple; isto é: que é posíbel dispoñer de máis de un ordenador, de igual ou distinto tipo.

C.1. ANTIGÜIDADE DO ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE EQUIPO

TIPO DE ORDENADOR	ANTIGÜIDADE %				Total	N
	Menos de 1 ano	Entre 1 e 5 anos	Máis de 5 anos	Ns/Nc		
Ordenador de sobremesa (PC)	11,1	63,4	22,1	3,4	100,0	579
Ordenador portátil	35,7	59,0	2,8	2,5	100,0	361
Outros (PDA, ou similar)	40,5	37,9	2,7	18,9	100,0	37

Base: persoas que dispoñen de cada tipo de equipo.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

En relación coa dispoñibilidade de equipos, apenas se apreza un peso maior da posesión de PDA entre os homes, mentres que, a medida que aumenta a idade, se observa un descenso no nivel de disposición de portátiles e un incremento dos equipos de sobremesa. Ademais, o aumento do nivel de estudos supón unha maior variedade de dispositivos, o que implica un certo recorte do peso dos ordenadores de sobremesa.

C.2. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR: TIPO DE EQUIPO SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

TIPO DE ORDENADOR	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Ordenador de sobremesa (PC)	77,7	70,4	74,6	82,1	85,4	86,7	77,4
Ordenador portátil	58,7	55,9	45,1	45,5	37,1	31,1	48,3
Outros (PDA, ou similar)	6,6	5,4	4,6	6,0	3,4	0,0	4,9
N	121	186	173	134	89	45	748

Base: persoas que dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.3. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR: TIPO DE EQUIPO SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

TIPO DE ORDENADOR	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado	Nc	
Ordenador de sobremesa (PC)	100,0	69,4	83,1	80,4	74,9	75,0	73,8	83,3	77,4
Ordenador portátil	0,0	44,4	32,2	38,6	53,9	63,6	67,7	50,0	48,3
Outros (PDA, ou similar)	0,0	0,0	1,7	4,2	6,2	6,8	9,2	0,0	4,9
N	3	36	118	189	243	88	65	6	748

Base: persoas que dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.4. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR: TIPO DE EQUIPO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPO DE ORDENADOR	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Ordenador de sobremesa (PC)	57,1	74,6	77,7	79,2	78,7	74,5	82,9	85,3	75,8	77,4
Ordenador portátil	57,1	33,3	40,0	43,6	47,9	53,2	74,3	73,5	51,6	48,3
Outros (PDA, ou similar)	7,1	1,6	3,8	6,7	11,7	2,1	8,6	2,9	2,2	4,9
N	14	63	130	149	94	47	35	34	182	748

Base: persoas que dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O 85,2% das persoas enquisadas que posúen ordenador no fogar fixeron investimentos en equipamentos informáticos nos últimos doce meses, fronte ao 61,4% de 2007. O valor medio destes investimentos foi de 282,3 €, case 6 € menos que en 2007, en consonancia coa evolución do mercado.

C.5. GASTO MEDIO EN EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NÚMERO MEDIO DE ORDENADORES NO FOGAR


GASTO EN EQUIPAMENTOS	NÚMERO DE ORDENADORES NO FOGAR							Nc	Total
	1	2	3	4	5	6			
GASTO MEDIO EN EUROS	158,60 €	457,30 €	755,20 €	716,70 €	550,00 €	1.500,00 €	75,00 €	282,3 €	
N	413	180	33	6	2	1	2	637	

Base: persoas que dispoñen de ordenador e realizaron gasto en equipamentos informáticos nos últimos doce meses.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A continuación, analízanse os motivos polos que o 37,7% dos/as galegos/as non dispoñen de ordenador no fogar. Obsérvase que, nunha evolución continuada ano tras ano, aumenta como motivo principal a falta de interese, ao tempo que as limitacións de formación van perdendo peso. Así, esa falta de interese está agora no 61,7% -fronte ao 55,5% de 2007-.

G.11. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR



Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

As características socio-demográficas da poboación ofrecen tendencias que convén poñer de relevo: a falta de interese na adquisición de ordenador, non modulada polo sexo, incrementábase en paralelo a un aumento da idade dos/as entrevistados/as, o que, aínda que non de xeito tan nido, tamén ocorre á hora de referir a escaseza de coñecementos en informática. Pola contra, as alusións á súa carestía son proporcionalmente máis numerosas conforme diminúe a idade das persoas consultadas.

C.6. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

MOTIVOS	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Falta de interese	24,1	41,7	39,3	70,0	73,3	76,9	61,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	3,4	10,0	16,4	30,0	19,8	29,8	21,5
Son moi caros	34,5	30,0	18,0	15,0	10,9	7,4	15,7
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	24,2	16,7	23,0	6,2	2,0	0,8	8,6
Outros motivos	17,2	13,3	14,8	3,8	7,8	6,6	9,1
Ns/Nc	6,9	5,0	1,6	0,0	3,0	0,0	2,0
Total	110,3	116,7	113,1	125,0	116,8	121,5	118,6
N	29	60	61	80	101	121	452

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Doutra banda, un menor nivel de estudos correlaciona cunha maior falta de interese e escaseza de coñecementos.

C.7. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

MOTIVOS	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñaría técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñaría superior, Doutorado	Nc	
Falta de interese	81,8	75,8	63,2	53,4	45,7	41,7	33,3	66,7	61,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	27,3	30,8	22,1	18,6	8,7	8,3	0,0	0,0	21,5
Son moi caros	9,1	6,7	16,9	26,3	10,9	16,7	16,7	0,0	15,7
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	0,0	0,0	2,2	11,0	32,6	33,3	50,0	33,3	8,6
Outros motivos	0,0	5,0	11,0	9,3	13,0	16,7	16,7	0,0	9,1
Ns/Nc	0,0	1,7	0,0	3,4	6,5	0,0	0,0	0,0	2,0
Total	118,2	120,0	115,4	122,0	117,4	116,7	116,7	100	118,6
N	11	120	136	118	46	12	6	3	452

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Estas tendencias vense reflectidas, no caso da situación laboral, principalmente entre a poboación xubilada e as persoas dedicadas ás tarefas do fogar -pero tamén entre ocupados/as e parados/as-. As alusións ao elevado custo dos ordenadores son máis frecuentes entre os/as estudantes, desempregados/as en busca de primeiro emprego e parados/as.

C.8. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL


MOTIVOS	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL								Total
	Estudiante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación	Nc	
Falta de interese	13,3	73,5	0,0	51,5	75,5	51,8	83,3	50,0	61,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	0,0	20,5	0,0	24,2	30,9	15,9	33,3	0,0	21,5
Son moi caros	33,3	13,3	50,0	39,5	8,6	15,9	16,7	0,0	15,7
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	20,0	0,0	0,0	3,0	0,0	20,6	0,0	0,0	8,6
Outros motivos	26,7	4,8	50,0	3,0	7,9	10,6	0,0	50,0	9,1
Ns/Nc	13,4	2,4	0,0	0,0	0,8	2,3	0,0	0,0	2,0
Total	106,7	114,5	100,0	121,2	123,7	117,1	133,3	100	118,6
N	15	83	4	33	139	170	6	2	452

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O aumento de ingresos supón unha mingua da falta de interese e, en menor medida, da falta de coñecementos, mentres que o tipo de fogar e o hábitat non definen tendencias claras neste sentido.

En valores que practicamente reiteran os de 2007, apenas o 23,4% das persoas que non dispoñen de ordenador ten prevista a súa adquisición no futuro, e 4 de cada 5 con esa previsión non concretan cando, pero adían a merca a un prazo superior a un ano vista.

G.12. PREVISIÓN DA COMPRA DE ORDENADOR




Base: persoas que non dispoñen de ordenador.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


I.1.2. Conexión a Internet

O 41% da poboación galega ten contratada unha conexión a Internet: un dato que supón un positivo e notábel incremento sobre o 30,2% de fai un ano, e unha aceleración do ritmo de crecemento desa proporción no marco do último cuatrienio, de xeito que ese ritmo relativo é maior en Galiza -86,5%- que no conxunto do Estado -56,0%-. Ademais, dous terzos das persoas que dispoñen de ordenador no fogar teñen tamén conexión a Internet -65,8%, fronte ao 53,5% de 2007-. Semella pois razoábel entender que se dá unha relación automática entre adquirir un ordenador e contratar unha conexión a Internet.

G.13. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET




G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



A razón principal para non ter conexión a Internet é a falta de interese -28,5%-, que cedeu en importancia respecto da enquisa precedente, o mesmo que a falta de coñecementos, aumentando o peso da referencia ao acceso a Internet desde un lugar distinto da casa.


G.15. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET ENTRE A POBOACIÓN QUE DISPÓN DE ORDENADOR NO FOGAR



Base: persoas que dispoñen de ordenador.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.



G.16. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE CONEXIÓN A INTERNET CONTRATADA⁴




Base: persoas que dispoñen de ordenador, pero non de conexión a Internet.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

En todo caso, a contratación de conexión á Rede evoluciona en razón das variábeis de clasificación:

- A porcentaxe de homes que teñen contratado Internet supera en 6,5 puntos á proporción que se rexistra entre as mulleres.
- Este indicador describe unha curva descendente, tal como era previsíbel, de acordo co aumento da idade.

4.- Debe terse en conta que a opción de resposta "Outros", que aparecía na enquisa do ano 2007, foi substituída por "Circunstancias persoais" na de 2008, agrupándose no gráfico as dúas baixo a primeira das etiquetas.


G.17. CONTRATAÇÃO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O SEXO



Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.18. CONTRATAÇÃO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE




Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

■ Ascende, de xeito igualmente inequívoco, co aumento do nivel de estudos.

G.19. CONTRATAÇÃO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS




Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- Como cumpriría esperar, estudantes, demandantes de primeiro emprego e ocupados/as contrastan nas porcentaxes afirmativas de contratación de Internet cos outros conxuntos definidos pola situación socio-laboral.


G.20. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- É igualmente nidia a relación que se establece entre o aumento do nivel de ingresos e o da proporción con conexión a Internet.


G.21. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- Con relación ao tipo de fogar, o valor global supérase nos fogares de máis de dúas persoas, pola presenza de xente nova e estudante con necesidade de conexión.


G.22. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O TIPO DE FOGAR



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- Doutro lado, percíbese tamén unha clara gradación ao fío da urbanización do medio, cunha diferenza de 16,2 puntos a favor do hábitat urbano fronte ao rural.

G.23. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

En canto aos motivos para non ter contratada conexión a Internet, segundo as variábeis de clasificación débese destacar:


- Non hai diferenzas significativas por sexo, agás que os varóns refiren en maior medida, 32,3%, que dispoñen de conexión noutro lugar distinto do fogar.

- A falta de interese aumenta coa idade e decrece a alusión a outros lugares para conectarse a Internet. A falta de coñecementos só emerxe logo dos 35 anos e alcanza un valor destacado -27,3%- logo dos 65.
- Obviamente, a falta de interese e a falta de coñecementos perden peso co aumento do nivel de estudos.
- A falta de interese e de coñecementos son aludidas en especial polas persoas economicamente inactivas -a excepción dos/as estudantes que mencionan en gran medida o acceso a Internet desde lugares distintos do fogar-.
- O tipo de fogar e o nivel de ingresos non marcan tendencias graduais definidas.
- Só no rural cobra certa importancia -11,8%- como argumento a mala calidade do servizo ou a falta de conexión.

En relación coa tecnoloxía de acceso á Rede, reitérase a evidencia dunha evolución de signo positivo que se tería acelerado no último ano: na actualidade un terzo cumprido -35,4%- da poboación galega ten contratada conexión a Internet de banda larga⁵, fronte ao 23,1% de 2007. É moi notábel que isto supoña un 86,4% das persoas que dispoñen de conexión a Internet na casa; uns 10 puntos máis que no ano anterior, e algo por riba do dato actual para o conxunto do Estado -84,3%-.


Ademais o ritmo de crecemento da banda larga en Galiza no período 2005-2008 é do 181% mentres que no Estado é do 121,6%.

G.24. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA



Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008

G.25. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Base: total de persoas.
Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galiza, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da sociedade da Información, dato de Galiza, anos 2007 e 2008.

5.- Considéranse tecnoloxía de "banda larga" as seguintes modalidades de conexión a Internet: dixital ADSL, cable e rede de telefonía móbil.


A conexión a Internet a través de banda larga matízase nos termos seguintes ao considerar as variábeis de clasificación:

- É algo maior para os varóns -38,5%- que para as mulleres -32,4%-.
- É tamén maior no estrato máis novo -54%-, para descender logo ata o 8,4% das persoas de entre 65 e 74 anos de idade.
- Acada o valor máis alto entre os individuos con estudos superiores -74,6%-, a partir dun incremento gradual ao compás do nivel académico.
- Os estudantes -53,1%-, demandantes de primerio emprego -46,2%- e persoas ocupadas -45,6%- son os grupos que rexistran as maiores porcentaxes de contratación de banda larga.
- É maior nos niveis máis altos de renda do fogar -70,7% nos fogares con renda entre 3.001 € e 3.500 € mensuais, e 59,5% nos fogares con renda superior aos 3.500 € mensuais-, tamén culminando un escalonamento crecente.
- A contratación de banda larga é maior nos fogares familiares numerosos de dúas xeracións, ou de tres con ata cinco persoas.
- É maior no medio urbano -45,5%- ca no intermedio -34,5%- e no rural -26,1%-.

Estas modulacións sinaladas son moi coherentes coas tendencias xerais observadas sobre disposición de ordenador e conexión a Internet.

En todo caso, a extensión de banda larga é un feito que está relacionado co descenso acusado das liñas analóxicas con módem, coa permanencia nun nivel residual da RDSI e, singularmente, co espectacular incremento no último ano da ADSL que, constitúe xa a opción máis frecuente de conexión a Internet.

G.26. TECNOLOXÍA DE ACCESO A INTERNET CONTRATADA




Base: persoas (OGSI), vivendas (INE), que dispoñen de conexión a Internet.
 Fonte: INE, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Os datos positivos sobre a evolución da banda larga en Galiza confirmanse ao analizar a velocidade de conexión a Internet. Un 69,9% das persoas que dispoñen de conexión a Internet teñen velocidades superiores aos 512 Kbps.. Isto representa o 28,7% da poboación total. A velocidade de conexión a Internet máis frecuente oscila entre 2 e 4 Mbps., se ben un 22,4% das persoas que dispoñen de conexión á Rede descoñecen a velocidade contratada.

Naturalmente, as modulacións en canto a velocidade son paralelas ás comentadas sobre disposición de banda larga.


G.27. VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET



Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Na antigüidade da conexión á Internet, a distribución xeral presenta como a opción maioritaria -68,9%- a dun tempo superior a un ano. A este respecto as situacións son moi variadas, de xeito que as variábeis de clasificación marcan menos tendencias, e menos definidas, que noutras cuestións .


G.28 ANTIGÜIDADE DA CONEXIÓN A INTERNET



Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Por último, cómpre sinalar que, se ben é maioritario acceder a Internet mediante un ordenador de sobremesa, con relación á enquisa de 2007 o peso desa opción caeu uns 6 puntos, para aumentar algo máis de 11 o da que se refire ao ordenador portátil.

G.29. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET



Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

En canto a esta última cuestión, lembrando o comentado ao respecto da posesión de diferentes dispositivos informáticos no fogar, cómpre formular algunhas apreciacións:

- O sexo define un uso algo maior do ordenador de sobremesa e insinúao en canto ao teléfono móbil, como dispositivos de conexión a Internet, por parte dos varóns, aparecendo as outras posibilidades equilibradas.

C.9. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O SEXO

DISPOSITIVO	SEXO		Total
	HOMES	MULLERES	
Ordenador de sobremesa	75,6	70,0	73,0
Ordenador portátil	45,4	45,2	45,3
Outro tipo de ordenador, axenda electrónica, PDA ou similar	3,1	3,0	3,0
Teléfono móbil, (WAP, GPRS)	6,9	4,3	5,7
Videoconsola	3,4	2,6	3,0
N	262	230	492

Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- A idade marca un límite logo dos 55 anos a partir do que decrece significativamente o uso de ordenador de sobremesa para conectarse á Rede, en tanto ese descenso é gradual desde os/as máis novos/as para o portátil, o teléfono móbil e a videoconsola.

C.10. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

DISPOSITIVO	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Ordenador de sobremesa	75,3	75,2	72,5	73,6	67,3	63,2	73,0
Ordenador portátil	61,3	52,8	44,0	38,5	27,3	10,5	45,3
Outro tipo de ordenador, axenda electrónica, PDA ou similar	3,2	1,6	5,5	2,2	3,6	0,0	3,0
Teléfono móbil, (WAP, GPRS)	10,8	6,4	7,3	1,1	1,8	0,0	5,7
Videoconsola	7,5	0,8	4,6	1,1	1,8	0,0	3,0
N	93	125	109	91	55	19	492

Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- O nivel académico implica, con carácter xeral, unha tendencia a un incremento das referencias a todos os dispositivos de conexión a Internet, de xeito menos claro nos móbiles e videoconsolas, evidentemente pola súa maior utilización en idades xuvenís.

C.11. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

DISPOSITIVO	NIVEL DE ESTUDOS						Nc	Total
	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado		
Ordenador de sobremesa	50,0	60,0	75,0	73,7	77,9	79,6	66,7	73,0
Ordenador portátil	14,3	23,6	37,1	48,5	61,8	63,0	50,0	45,3
Outro tipo de ordenador, axenda electrónica, PDA ou similar	0,0	0,0	2,4	2,9	5,9	5,6	0,0	3,0
Teléfono móbil, (WAP, GPRS)	0,0	1,8	5,6	8,8	4,4	3,7	0,0	5,7
Videoconsola	0,0	0,0	4,8	3,5	2,9	1,9	0,0	3,0
N	14	55	124	171	68	54	6	492

Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- Son as persoas que estudan as que amosan os máis altos niveis de mención a todo tipo de dispositivos para conectarse á Rede, en tanto que as persoas á procura do primeiro emprego destacan só nas dúas modalidades máis convencionais. As porcentaxes de ocupados/as están nos niveis globais para os ordenadores de sobremesa, PDA e móbiles, algo por riba nos portátiles e por baixo nas videoconsolas; un perfil que nas persoas paradas se repite en liñas xerais.

C.12. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

DISPOSITIVO	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL						Nc	Total	
	Estudante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a			Outra situación
Ordenador de sobremesa	80,4	56,4	83,3	74,2	79,4	72,8	100,0	50,0	73,0
Ordenador portátil	55,4	15,4	50,0	38,7	14,7	51,1	0,0	50,0	45,3
Outro tipo de ordenador, axenda electrónica, PDA ou similar	5,4	0,0	0,0	3,2	0,0	3,4	0,0	0,0	3,0
Teléfono móbil, (WAP, GPRS)	8,9	0,0	0,0	6,5	0,0	6,5	0,0	0,0	5,7
Videoconsola	10,7	0,0	0,0	6,5	2,9	1,9	0,0	0,0	3,0
N	56	39	6	31	34	323	1	2	492

Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- O nivel de ingresos do fogar, a pesar das sub-mostras con tamaño pouco significativo, vén definir o lóxico incremento de porcentaxes nos equipamentos máis convencionais: ordenadores portátiles e de sobremesa, segundo aquel nivel aumenta.

C.13. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

DISPOSITIVO	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR									Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €	Nc	
Ordenador de sobremesa	50,0	65,4	69,5	74,2	73,2	70,3	87,5	88,5	70,5	73,0
Ordenador portátil	50,0	34,6	30,5	49,4	46,5	37,8	62,5	61,5	50,0	45,3
Outro tipo de ordenador, axenda electrónica, PDA ou similar	0,0	0,0	3,2	3,4	8,5	0,0	3,1	3,8	0,9	3,0
Teléfono móbil, (WAP, GPRS)	0,0	0,0	7,4	9,0	5,6	8,1	0,0	3,8	4,5	5,7
Videoconsola	25,0	0,0	4,2	5,6	1,4	0,0	0,0	3,8	2,7	3,0
N	4	26	95	89	71	37	32	26	112	492

Base: persoas que dispoñen de conexión a Internet.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


- A única modulación que amosa o hábitat é a proporción maior de ordenadores de sobremesa como dispositivos de conexión a Internet que aparece no medio urbano -un 83,2% fronte a valores á volta do 65% nos outros dous estratos-.

I.2. Equipamento electrónico

Unha das principais tecnoloxías da sociedade da información e a comunicación é a televisión. A enquisa realizada recolle distintas cuestións relacionadas con este equipamento.


A televisión está presente na práctica totalidade dos fogares de Galiza e na metade dos casos xa dispoñen de televisión dixital.

G.30. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN



Base: total de persoas
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.31. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL




Base: persoas que dispoñen de televisión no fogar.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O 61,5% das persoas que dispoñen de televisión dixital alude como modalidade á TDT, o que significa un valor moi discreto da televisión vía satélite -8,8%-, un 23,5% de referencias ao cable, e un 6,2% a liñas ADSL ou telefónicas.

G.32. MODALIDADE DE TELEVISIÓN DIXITAL




Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


Na perspectiva dunha observación socio-demográfica, non cabe falar de modulación ningunha en canto dispor de televisión, pero si de televisión dixital: os valores evolucionan en virtude da idade -descendendo a medida que esta aumenta-, o nivel educativo, -aumentando á par deste-, a situación socio-laboral -sendo maiores para as persoas que cursan estudos ou están ocupadas-, o nivel de ingresos do fogar -nun paralelismo crecente evidente-, o tipo deste -con valores maiores nos fogares que acollen grupos familiares, en especial sendo numerosos- e o hábitat -sendo ben máis destacada a súa presenza no medio urbano-.

G.33. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O GRUPO DE IDADE




Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.34. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS




Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.35. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL




Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.36. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR




Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.37. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O TIPO DE FOGAR



Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.38. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT



Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Nesta mesma perspectiva socio-demográfica é salientábel, ao respecto do xeito de recepción da televisión dixital, que o aumento do nivel de estudos e o progresivo carácter urbano do medio en que se vive implican un incremento do peso do cable acompañado do descenso da TDT.

C.14. MODALIDADE DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

RECEPCIÓN	NIVEL DE ESTUDOS							Nc	Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado		
Mediante TDT	100,0	84,8	66,4	65,0	57,0	45,9	50,0	80,0	61,5
Mediante satélite	0,0	4,3	11,2	9,2	11,0	4,9	2,4	0,0	8,8
Por cable	0,0	8,7	16,8	20,1	25,4	41,0	38,1	20,0	23,5
Por liña ASDL ou telefónica	0,0	2,2	5,6	5,7	6,6	8,2	9,5	0,0	6,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	1	46	107	174	181	61	42	5	617

Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


C.15. MODALIDADE DE TELEVISIÓN DIXITAL SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

RECEPCIÓN	TIPO DE HÁBITAT			Total
	Urbano	Intermedio	Rural	
Mediante TDT	52,0	57,4	77,7	61,5
Mediante satélite	5,4	13,8	9,1	8,8
Por cable	38,8	20,0	6,1	23,5
Por liña ASDL ou telefónica	3,8	8,8	7,1	6,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0
N	260	160	197	617

	Individual	De parella	Familiar de dúas xeracións (ata 4 persoas)	Familiar numeroso de dúas xeracións (máis de 4 persoas)	Familiar de tres xeracións (ata 5 persoas)	Familiar numeroso de tres xeracións (máis de 5 persoas)	Outro		
No último mes	80,4	80,2	87,0	89,8	87,8	82,2	100,0	100,0	85,6
Hai máis de un mes e menos de tres meses	8,7	8,6	5,5	3,4	8,1	8,9	0,0	0,0	6,5
Hai máis de tres meses e menos de un ano	10,9	8,6	4,8	3,4	1,4	8,9	0,0	0,0	5,6
Hai máis de un ano	0,0	1,7	2,7	3,4	2,7	0,0	0,0	0,0	2,1
Ns/Nc	0,0	0,9	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	46	116	330	29	74	45	19	3	662

Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


C.17. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DE INTERNET SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

ÚLTIMA UTILIZACIÓN	TIPO DE HÁBITAT			Total
	Urbano	Intermedio	Rural	
No último mes	87,3	84,6	84,2	85,6
Hai máis de un mes e menos de tres meses	4,9	6,9	8,4	6,5
Hai máis de tres meses e menos de un ano	5,6	3,7	7,4	5,6
Hai máis de un ano	1,8	4,8	0,0	2,1
Ns/Nc	0,4	0,0	0,0	0,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0
N	284	188	190	662

Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


Considerando o total da poboación, un 50,8% dos/as galegos e galegas utilizaron Internet nos tres últimos meses, materializando un significativo avance ao respecto do ano pasado que reactiva a dinámica de crecemento rexistrada desde 2005 -46,8% en Galiza fronte ao 37,6% do Estado-.

G.19. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008


G.20. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galiza, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da sociedade da Información, dato de Galiza, anos 2007 e 2008.

O nivel de utilización de Internet nos últimos tres meses presenta unha porcentaxe maior para os varóns, os grupos de idade máis novos e os niveis de estudos máis elevados. Ademais, atendendo á situación socio-laboral, os valores máis altos deste indicador corresponden aos/ás estudantes e, a unha certa distancia, sitúanse os/ás ocupados/as e demandantes de primeiro emprego. A enquisa tamén indica que o nivel de utilización de Internet presenta unha clara correlación co nivel de renda familiar e cun maior grao de urbanización do municipio de residencia.


G.21. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO



Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


G.22. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE



Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


G.23. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS



Base: total de persoas.


Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.24. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL




Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.25. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR




Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.26. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE FOGAR



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.27. UTILIZACIÓN DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT




Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Máis da metade das persoas que accederon a Internet nos últimos tres meses fixérono diariamente, e un 35,2% non todos os días pero si todas as semanas -incrementando os valores do ano pasado-. Por tanto, o 85,7% dos/as internautas galegos/as utilizaron a Rede cunha frecuencia diaria ou semanal.

G.28. FRECUENCIA DE ACCESO A INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES




Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O 32,7% das persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses estiveron conectadas á Rede máis de cinco horas á semana, fronte ao 26,3% que se rexistraba no ano 2007.

G.29. TEMPO DE CONEXIÓN A INTERNET NA ÚLTIMA SEMANA




Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008

A frecuencia de acceso a Internet e o tempo de conexión na última semana responden ao influxo das diferenzas de sexo, idade, nivel académico, situación socio-laboral e nivel de ingresos que se sinalaron para a utilización de Internet en sentido amplo e nos últimos tres meses.

Ao respecto do lugar desde o que se accede a Internet dúas son as opcións máis significativas: o propio domicilio, para o 68,7%; o centro de traballo, para o 42,5%, estando as outras sempre por baixo do 10%. Ademais, tanto eses valores citados como os correspondentes a centros de estudo -9,8%-, vivendas de persoas próximas -7,9%- e establecementos de hostalaría con Wi-Fi -5,4%- indican unha crecente variedade de lugares e tendencias de aumento desde 2006.

G.30. LUGARES DE ACCESO A INTERNET



Base: anos 2006 e 2007, persoas que se conectaron a Internet no último ano; ano 2008, persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2006, 2007 e 2008.

Nunha plena coherencia coa panorámica xeral que se vén debuxando, hai modulacións neste sentido que convén sinalar:

- Se ben non se rexistran diferenzas en virtude do sexo, as referencias á vivenda e ao traballo como lugares de acceso a Internet medran coa idade, interrompéndose eses dous crecementos nos 64 e 54 anos respectivamente.

C.18. LUGARES DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

LUGARES DE ACCESO	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Na vivenda	67,4	63,9	66,0	79,8	86,7	66,7	68,7
No centro de traballo	14,5	46,1	56,0	59,6	46,7	0,0	42,5
No centro de estudos	31,9	6,8	1,3	1,1	0,0	0,0	9,8
Noutra vivenda de familiares e/ou achegados/as	8,7	12,6	5,3	2,2	3,3	8,3	7,9
Nun centro público	12,3	3,7	10,0	2,2	3,3	16,7	7,2
Nun ciber	19,6	11,0	5,3	3,4	0,0	0,0	9,7
En establecementos de hostalería	8,0	6,3	5,3	1,1	3,3	0,0	5,4
Outro	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,7	0,5	0,7	0,0	0,0	8,3	0,7
Total	163,1	150,9	149,9	149,4	143,3	100,0	151,9
N	138	191	150	89	30	12	610

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- O aumento do nivel de estudos significa un aumento do peso da vivenda e do lugar de traballo como lugares habituais de acceso a Internet, aínda que no primeiro caso a tendencia vese algo distorsionada. As referencias a centros docentes predominan entre as persoas que están a estudar.

C.19. LUGARES DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

LUGARES DE ACCESO	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado	Nc	
Na vivenda	0,0	80,0	64,1	66,3	67,4	72,5	76,8	57,1	68,7
No centro de traballo	0,0	20,0	12,8	30,6	41,4	56,0	72,5	57,1	42,5
No centro de estudos	0,0	0,0	5,1	10,0	13,0	8,8	4,3	0,0	9,8
Noutra vivenda de familiares e/ou achegados/as	0,0	0,0	12,8	5,6	11,7	2,2	4,3	14,3	7,9
Nun centro público	0,0	20,0	10,3	7,5	7,9	4,4	5,8	0,0	7,2
Nun ciber	0,0	0,0	17,9	12,5	9,2	6,6	5,8	0,0	9,7
En establecementos de hostalería	0,0	0,0	5,1	4,4	7,5	3,3	4,3	0,0	5,4
Outro	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	5,1	0,0	0,8	0,0	0,0	0,0	0,7
Total	0,0	120,0	133,2	136,9	158,9	153,8	173,8	128,5	151,9
N	0	5	39	160	239	91	69	7	610

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- As persoas economicamente inactivas, salvando os/as estudantes, ou activas en situación de desemprego concentran as súas mencións na casa como lugar de acceso a Internet. O centro de estudos é a segunda opción maioritaria para quen ten como dedicación principal a académica, e o lugar de traballo para os/as ocupados/as, aproximándose moito aos valores do propio domicilio que, con importancia menor que nos outros grupos, segue a ser o espazo principal.

C.20. LUGARES DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

LUGARES DE ACCESO	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL							Nc	Total
	Estudiante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación		
Na vivenda	59,4	81,0	75,0	71,4	84,0	69,0	33,3	100,0	68,7
No centro de traballo	3,1	0,0	0,0	14,3	4,0	60,0	33,3	0,0	42,5
No centro de estudos	52,1	9,5	12,5	2,4	0,0	1,5	0,0	0,0	9,8
Noutra vivenda de familiares e/ou achegados/as	9,4	0,0	0,0	19,0	4,0	6,8	66,7	0,0	7,9
Nun centro público	15,6	9,5	0,0	11,9	8,0	4,8	0,0	0,0	7,2
Nun ciber	24,0	4,8	12,5	11,9	0,0	6,8	33,3	0,0	9,7
En establecementos de hostalería	10,4	0,0	0,0	2,4	0,0	5,1	33,3	0,0	5,4
Outro	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0	0,0	4,0	0,7	0,0	0,0	0,7
Total	174,0	104,8	100,0	133,3	104,0	154,7	199,9	100,0	151,9
N	96	21	8	42	25	413	3	2	610

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- A vivenda tamén é un espazo de importancia crecente como lugar de acceso a Internet segundo aumenta o nivel de renda.

C.21. LUGARES DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


LUGARES DE ACCESO	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Na vivenda	50,0	44,4	66,1	68,4	78,2	75,6	87,9	79,3	66,0	68,7
No centro de traballo	50,0	31,1	43,5	33,3	52,6	55,6	45,5	58,6	38,3	42,5
No centro de estudos	30,0	13,3	7,8	7,0	5,1	4,4	6,1	6,9	17,0	9,8
Noutra vivenda de familiares e/ou achegados/as	0,0	17,8	10,4	6,1	3,8	8,9	6,1	3,4	7,8	7,9
Nun centro público	20,0	11,1	3,5	7,9	3,8	4,4	0,0	3,4	12,8	7,2
Nun ciber	10,0	20,0	10,4	8,8	11,5	6,7	9,1	6,9	7,1	9,7
En establecementos de hostalería	20,0	6,7	3,5	5,3	7,7	2,2	0,0	3,4	7,1	5,4
Outro	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	2,2	0,9	0,9	0,0	0,0	0,0	3,4	0,0	0,7
Total	180,0	146,7	146,1	137,7	162,7	157,8	154,7	165,3	156,1	151,9
N	10	45	115	114	78	45	33	29	141	610

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- O lugar de conexión a Internet maioritario no rural é a vivenda, -60,8%-, aínda que cun valor sensiblemente inferior ao acadado no hábitat urbano -72,9%-.

Case 6 de cada 10 persoas que utilizaron nalgún momento a Internet -o 56,5%, exactamente- fixérono cun uso exclusivamente persoal, en tanto para o 36,4% a finalidade principal de acceso a Internet é mixta, persoal e profesional, e para o 6,5% só laboral. Nesta cuestión os datos da serie de enquisas desde a de 2006 definen unha tendencia inequívoca ao aumento do uso exclusivamente persoal en detrimento do exclusivamente laboral.

G.31. FINALIDADE PRINCIPAL DO ACCESO A INTERNET



Base: anos 2006 e 2007, persoas que se conectaron a Internet no último ano; ano 2008, persoas que utilizaron internet nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2006, 2007 e 2008.

Non hai diferenzas nesta distribución das finalidades de uso da Rede en razón do sexo das persoas entrevistadas ou de como é o fogar ou a contorna en que viven, pero si en virtude da idade, o nivel de estudos, a súa situación socio-laboral e o nivel de ingresos do seu fogar:

- A motivación exclusivamente laboral ten o seu máximo entre os 35 e os 54 anos, o mesmo que o uso mixto. Por contra, o uso persoal vai decrecendo coa idade, xustamente ata os 54 para repuntar logo.

C.22. FINALIDADE PRINCIPAL DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

FINALIDADE PRINCIPAL	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Só traballo	0,7	5,3	11,1	10,1	5,7	6,3	6,5
Traballo e uso persoal	16,7	42,7	43,8	44,4	37,1	6,3	36,4
Só uso persoal	82,6	51,5	45,1	45,5	54,3	75,0	56,5
Outras respostas	0,0	0,5	0,0	0,0	0,0	12,4	0,4
Ns/Nc/Nr	0,0	0,0	0,0	0,0	2,9	0,0	0,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	144	206	162	99	35	16	662

Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- A medida que aumenta o nivel de estudos, o uso de Internet por motivos exclusivamente persoais decrece, mentres que o uso mixto aumenta.

C.23. FINALIDADE PRINCIPAL DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

FINALIDADE PRINCIPAL	NIVEL DE ESTUDOS							Total
	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestria indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutoramento	Nc	
Só traballo	0,0	4,0	8,4	5,5	7,3	7,1	0,0	6,5
Traballo e uso persoal	0,0	12,0	19,7	38,6	51,0	70,0	57,1	36,4
Só uso persoal	85,7	82,0	71,9	55,5	40,7	22,9	42,9	56,5
Outras respostas	14,3	2,0	0,0	0,0	1,0	0,0	0,0	0,4
Ns/Nc/Nr	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0	0,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	7	50	178	254	96	70	7	662

Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- En relación co anterior, o máximo nivel de uso mixto é o das persoas ocupadas, en tanto o persoal é característico das paradas ou economicamente inactivas.

C.24. FINALIDADE PRINCIPAL DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

FINALIDADE PRINCIPAL	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL								Total
	Estudante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación	Nc	
Só traballo	0,0	0,0	0,0	3,8	8,8	8,4	33,3	0,0	6,5
Traballo e uso persoal	7,2	4,3	9,1	13,5	5,9	50,7	0,0	0,0	36,4
Só uso persoal	91,8	95,7	90,9	82,7	79,4	40,7	66,7	100,0	56,5
Outras respostas	1,0	0,0	0,0	0,0	5,9	0,0	0,0	0,0	0,4
Ns/Nc/Nr	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0	0,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	97	23	11	52	34	440	3	2	662

Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

- O uso mixto tamén aumenta co nivel de ingresos do fogar.

C.25. FINALIDADE PRINCIPAL DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

FINALIDADE PRINCIPAL	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Só traballo	8,3	13,0	8,9	6,5	4,8	4,3	5,6	3,4	4,5	6,5
Traballo e uso persoal	25,1	20,4	36,3	31,7	44,0	47,8	47,2	62,1	31,8	36,4
Só uso persoal	58,3	64,7	54,8	61,8	51,2	47,9	47,2	34,5	62,3	56,5
Outras respostas	8,3	1,9	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6	0,4
Ns/Nc/Nr	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,8	0,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	12	54	124	123	84	46	36	29	154	662

Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Nesta perspectiva é reveladora a relación entre os lugares de acceso á Internet e a súa finalidade. Así, o cadro nº 26 pon en evidencia a lóxica acentuación do uso persoal en centros docentes, domicilios de persoas próximas, ciber e establecementos con Wi-Fi. Obsérvase tamén a relativa proximidade do uso mixto ao exclusivamente persoal na propia vivenda e a elevada porcentaxe -82,2%- de referencias ao uso mixto no espazo laboral.

C.26.FINALIDADE PRINCIPAL DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO OS LUGARES DE UTILIZACIÓN

FINALIDADE PRINCIPAL	LUGARES DE UTILIZACIÓN									Total
	Na vivenda	No centro de traballo	No centro de estudos	Noutra vivenda	Nun centro público	Nun ciber	En establecem. de hostaler. con Wi-Fi	Outro	Ns/Nc	
Só traballo	0,7	12,4	0,0	2,1	0,0	1,7	3,0	0,0	0,0	5,6
Traballo e uso persoal	44,9	82,2	13,3	22,9	29,5	15,3	27,3	0,0	25,0	39,5
Só uso persoal	54,4	5,4	85,0	75,0	70,5	83,0	69,7	0,0	75,0	54,8
Outras respostas	0,0	0,0	1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2
Ns/Nc/Nr	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	0,0	100,0	100,0
N	419	259	60	48	44	59	33	0	4	610


Base: persoas que se conectaron a Internet nos últimos tres meses.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

II.3. Utilización persoal do ordenador e Internet

Como se viu, a poboación utiliza o ordenador e Internet con distintas finalidades. Neste epígrafe abordarase a utilización que se fai destes elementos tecnolóxicos no ámbito persoal.

O acceso á internet -89,2%- é a principal finalidade do uso de ordenador neste ámbito persoal, seguida da referida á utilización de recursos ofimáticos -62,2%-. Os servizos multimedia, xogos, a utilización de aplicacións específicas e a realización de obrigas académicas teñen menores porcentaxes de resposta, pero con valores significativos en todos os casos. Adicionalmente hai que sinalar que todos os datos reiteran practicamente os da enquisa de 2007, co único matiz de que a utilización de servizos multimedia cede uns 8 puntos mentres que o acceso a Internet medra 9,2.

G.32. FINALIDADES PRINCIPAIS DA UTILIZACIÓN PERSOAL DO ORDENADOR



Base: Persoas que utilizan o ordenador con fins persoais.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Esta perspectiva presenta un matiz relevante desde o punto de vista do sexo: as porcentaxes son máis altas nos varóns -agás as tarefas escolares-, o que determina que a media de 2,9 mencións a diferentes finalidades dos homes se contrapóña ao 2,4 das mulleres.

C.27. FINALIDADES PRINCIPAIS DA UTILIZACIÓN PERSOAL DO ORDENADOR SEGUNDO O SEXO

FINALIDADES PRINCIPAIS	SEXO		Total
	HOMES	MULLERES	
Manexo de recursos ofimáticos	65,4	58,6	62,2
Aplicacións informáticas	30,7	20,1	25,8
Xogos	41,9	23,9	33,6
Acceso a Internet	91,3	86,7	89,2
Servizos multimedia	34,9	26,2	30,9
Tarefas escolares	19,3	21,4	20,2
Outras	2,0	2,9	2,4
Ns/Nc	2,0	2,3	2,1
Total	287,5	242,1	266,4
N	358	309	667

Base: persoas que utilizan o ordenador con fins persoais.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O nivel de estudos define unha tendencia neta de evolución: as porcentaxes en practicamente todas as finalidades medran, en xeral, ao compás do aumento do nivel de estudos.

C.28. FINALIDADES PRINCIPAIS DA UTILIZACIÓN PERSOAL DO ORDENADOR SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


FINALIDADES PRINCIPAIS	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñaría técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñaría superior, Doutorado	Nc	
Manexo de recursos ofimáticos	0,0	40,0	41,5	55,1	64,7	74,7	80,9	42,9	62,2
Aplicacións informáticas	0,0	10,0	10,8	17,8	28,2	29,7	48,5	42,9	25,8
Xogos	0,0	10,0	35,4	40,5	39,8	15,4	19,1	28,6	33,6
Acceso a Internet	0,0	60,0	70,8	85,4	94,6	93,4	95,6	100,0	89,2
Servizos multimedia	0,0	10,0	7,7	27,0	38,6	26,4	45,6	28,6	30,9
Tarefas escolares	0,0	10,0	10,8	18,9	22,4	23,1	25,0	0,0	20,2
Outras	0,0	0,0	7,7	1,1	2,1	3,3	1,5	0,0	2,4
Ns/Nc	0,0	20,0	7,7	1,6	0,8	0,0	2,9	0,0	2,1
Total	0,0	160,0	192,4	247,4	291,2	266,0	319,1	243,0	266,4
N	0	10	65	185	241	91	68	7	667

Base: persoas que utilizan o ordenador con fins persoais.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O 51,3% da poboación utiliza ou utilizou algunha vez Internet con fins persoais e a práctica totalidade destas persoas -94,5%- empregou algunha vez un buscador de información. É tamén moi elevada a porcentaxe que enviou nalgunha ocasión correos electrónicos con ficheiros asociados -72,8%-. Estes valores veñen reiterar os da enquisa de 2007, pero o 41,3% que enviou mensaxes a “chats” ou foros supón case 7 puntos máis que entón, aínda que tería caído case 16 puntos o uso de aplicacións para compartir ficheiros.

G.33. TAREFAS REALIZADAS NALGUNHA OCASIÓN EN INTERNET POR MOTIVOS PERSOAIS



Base: persoas que utilizan Internet para uso persoal.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

O cruzamento destes resultados polo sexo e o hábitat non amosa matíz ningún, e, en canto ás outras variábeis, aplicadas a esta sub-mostra, xeran en bastantes casos bases de cálculo pouco representativas; aínda así cabe resaltar que as porcentaxes máis altas, relacionadas co envío de correos con ficheiros asociados, mensaxes a “chats” e co intercambio de ficheiros “peer to peer” corresponden ao grupo de persoas menores de 24 anos.

C.29. TAREFAS REALIZADAS NALGUNHA OCASIÓN EN INTERNET POR MOTIVOS PERSOAIS SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

TAREFAS REALIZADAS	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Usar un buscador para procurar información	92,3	94,3	94,4	95,6	100,0	100,0	94,5
Enviar correo electrónico con ficheiros asociados	86,0	71,6	70,6	63,3	59,4	69,2	72,8
Enviar mensaxes en "chats", grupos de noticias ou foros de discusión	63,6	43,3	32,2	25,6	18,8	30,8	41,3
Face chamadas telefónicas	12,6	12,9	8,4	7,8	12,5	23,1	11,2
Usar as aplicacións para compartir ficheiros peer to peer	32,2	22,2	18,9	7,8	12,5	0,0	20,7
Crear unha páxina "web"	10,5	6,2	3,5	4,4	12,5	0,0	6,5
Outras	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	0,7	1,1	0,0	0,0	0,3
Total	297,2	250,5	228,7	205,6	215,7	223,1	247,0
N	143	194	143	90	32	13	615

Base: persoas que utilizan Internet para uso persoal.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A medida que aumenta o nivel de estudos, é evidente a tendencia a un incremento parello da xeneralidade dos usos de Internet.

C.30. TAREFAS REALIZADAS NALGUNHA OCASIÓN EN INTERNET POR MOTIVOS PERSOAIS SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


TAREFAS REALIZADAS	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñaría técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñaría superior, Doutorado	Nc	
Usar un buscador para procurar información	0,0	100,0	84,8	92,6	94,6	97,8	100,0	100,0	94,5
Enviar correo electrónico con ficheiros asociados	0,0	33,3	58,7	65,4	74,9	78,7	86,4	100,0	72,8
Enviar mensaxes en "chats", grupos de noticias ou foros de discusión	0,0	16,7	50,0	41,4	43,5	33,7	40,9	28,6	41,3
Face chamadas telefónicas	0,0	0,0	15,2	10,5	10,9	11,2	12,1	14,3	11,2
Usar as aplicacións para compartir ficheiros peer to peer	0,0	16,7	13,0	17,9	23,8	18,0	25,8	14,3	20,7
Crear unha páxina "web"	0,0	0,0	4,3	6,8	5,9	3,4	13,6	14,3	6,5
Outras	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0	0,0	0,8	0,0	0,0	0,0	0,3
Total	0,0	166,7	226,0	234,6	254,4	242,8	278,8	271,5	247,0
N	0	6	46	162	239	89	66	7	615

Base: persoas que utilizan Internet para uso persoal.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


A enquisa indagou sobre os contidos e servizos aos que se accedeu por motivos persoais nos últimos tres meses, destacando o uso do correo electrónico -89,9%- e a busca de información sobre bens e servizos -89,2%-. O acceso a contidos de ocio e a lectura e descarga de publicacións son mencionados por máis da metade dos internautas, en tanto a descarga de programas, as buscas ou trámites con relación á saúde, a participación en "chats" ou foros e a realización de reservas de turismo son aludidas por proporcións entre o 40% e o 48%. Ademais, en termos comparativos coa enquisa precedente, malia algúns cambios na categorización das respostas, evidénciase un mantemento ou aumento destas porcentaxes -no caso do correo electrónico, a busca de información sobre bens e servizos, as descargas de contidos de ocio, e a busca de información e a realización de xestións en relación coa saúde-.

G.34.1. SERVIZOS E CONTIDOS EN INTERNET A OS QUE SE ACCEDE POR MOTIVOS PERSOAIS: COMUNICACIÓNS




Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses para uso persoal.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

G.34.2. SERVIZOS E CONTIDOS EN INTERNET A OS QUE SE ACCEDE POR MOTIVOS PERSOAIS: COMPRA, VENDA E INVESTIMENTOS



Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses para uso persoal.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.


G.34.3. SERVIZOS E CONTIDOS EN INTERNET A OS QUE SE ACCEDE POR MOTIVOS PERSOAIS: BUSCA DE INFORMACIÓN E SERVIZOS ⁶



Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses para uso persoal.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

6.- Os datos referidos para 2007 nas categorías "ler ou descargar xornais ou revistas en liña" e "escoitar a radio e ver a televisión a través de Internet", refírense a unha única opción que constaba na enquisa ata entón: "acceder a medios de comunicación". Doutro lado, a categoría "descarga de software" incorpórase por vez primeira en 2008.

G.34.4. SERVIZOS E CONTIDOS EN INTERNET AOS QUE SE ACCEDE POR MOTIVOS PERSOAIS: EDUCACIÓN E FORMACIÓN



Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses para uso persoal.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

A continuación, sinálanse algunhas consideracións sobre como se modulan estes indicadores cruzados coas variábeis de clasificación:


- Non existe un factor de xénero operando significativamente neste sentido, pois homes e mulleres veñen comportarse igual nos máis dos casos, tratándose as diferenzas só de matiz.
- A idade é un factor de modulación decisivo. Así, canto maior é a idade, máis aumentan as porcentaxes de adquisición de servizos turísticos, consultas de saúde e lectura de xornais e revistas, e máis diminúen as referencias a "chats" e foros, descargas de xogos e música, así como de programas -en menor medida-. Só o correo electrónico ten un comportamento singular: vai caendo ata os 55 anos e despois volve aumentar.
- O influxo do nivel de estudos é igualmente inequívoco: fóra das descargas de xogos e música e da participación en "chats" e foros, que aparecen cunha alta variabilidade á marxe de tendencias, todos os usos aumentan á par do grao de formación académica, facéndoo de xeito especialmente pronunciado a lectura de publicacións en liña e a descarga de programas.
- En canto á condición socio-laboral, pódense sinalar os seguintes comportamentos: estudantes e individuos economicamente activos destacan no uso do correo, e na descarga de programas e de xogos ou música. A lectura de prensa ou revistas e as consultas de cuestións de saúde caracterizan a persoas ocupadas e xubiladas, mentres que a participación en "chats" e foros é máis frecuente entre aos/ás estudantes.
- O nivel de ingresos do fogar e o tipo deste ofrecen flutuacións que non trazan ningunha tendencia.

II.4. Utilización no traballo do ordenador e Internet

Co propósito de conseguir unha información o máis completa e exhaustiva posíbel sobre a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación por parte da poboación, a enquisa inclúe unha serie de cuestións relacionadas co uso do ordenador e Internet no contorno de traballo e/ou no exercicio profesional; nunhas cuestións orientadas a revelar usos diferenciados na vertente laboral respecto da persoal tratada no apartado anterior.

O máis habitual é que as persoas que utilizan o ordenador no desenvolvemento da súa actividade profesional empreguen aplicacións ofimáticas -68,7%- e/ou programas informáticos específicos -60,4%-. Algo máis da metade realiza consultas e operacións varias en Internet -51,9%-, e un 45,3% utiliza o correo electrónico. A programación é, porén, unha actividade minoritaria, que realizan menos de 1 de cada 10 usuarios/as. Isto significa un promedio de 2,4 mencións de actividades distintas por persoa, cando en 2007 ese promedio era de 2,5, o que indica un discreto retroceso de todas as porcentaxes, agás a referida ao correo electrónico, algo máis elevada. Pero débese ter en conta que, fronte a un 18,6% da poboación que realizaba un uso profesional do ordenador no ano 2007, esa proporción é agora do 29,3%, e ese incremento pode acompañarse dun maior grao de especificidade singular nos usos.

G.35. ACTIVIDADES INFORMÁTICAS DESENVOLVIDAS NO EXERCICIO PROFESIONAL



Base: persoas que utilizan o ordenador para uso profesional.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Este perfil, vese só modelado polo nivel académico: á par que o nivel aumenta, soben todas as porcentaxes das diferentes actividades.

En canto á forma de adquisición dos coñecementos informáticos para o desenvolvemento profesional, o 47,3% afirma que aprendeu mediante o estudo pola súa conta; un 27,1% adquiriunos mediante aprendizaxe regrada; un 27,6% a través de cursos organizados pola propia empresa, e un 21,7% a través doutras persoas. A asistencia a outro tipo de cursos cífrase no 17,7%.

Quere isto dicir, ao respecto de 2007, que tamén é menor agora o promedio de fontes de formación, pois todas as proporcións reducíronse, fóra da que corresponde á auto-formación que medra uns 6 puntos porcentuais.

G.36. FORMA DE ADQUISICIÓN DOS COÑECEMENTOS INFORMÁTICOS




Base: persoas que utilizan o ordenador para uso profesional.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Estas fontes de formación varían a súa importancia relativa segundo os casos, de xeito que a opción prevalente: a auto-aprendizaxe, ten case 20 puntos máis de importancia entre os varóns, e flutúa segundo a idade e o nivel educativo. A realización de cursos organizados pola empresa é máis importante canto maior é a idade. Pola contra, a formación regrada aumenta non só a medida que a poboación é máis nova, senón conforme é maior o seu nivel académico.

A busca e consulta de información na Rede é o principal uso de Internet con fins laborais, tal e como indican máis de 9 de cada 10 usuarios/as. A unha distancia significativa sitúase a realización de trámites coas Administracións Públicas -31,3%-. Estes dous datos repiten á alza os da enquisa de 2007, en tanto que o peso das alusións ás dúas actividades menos citadas: a compra e venda de bens e servizos e a realización de xestións bancarias e financeiras, definen uns valores inferiores aos que se manifestaron no ano 2007.

G.37. USOS BÁSICOS DA INTERNET CON FINS LABORAIS




Base: persoas que utilizan Internet para uso profesional.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Noutra orde de cousas, un 14,8% dos/as traballadores/as que acceden a Internet con fins profesionais desenvolven as súas funcións mediante a fórmula do teletraballo, mantendo os valores de fai un ano.

G.38. DESENVOLVEMENTO DE FUNCIÓNS MEDIANTE TELETRABALLO




Base: persoas que utilizan Internet para uso profesional.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Este valor está decisivamente determinado polo sexo -un 18,5% de teletraballadores contraponse a un 10,2% de teletraballadoras-.

II.5. Utilización do ordenador e Internet no estudo

Un 11,3% da poboación galega consultada afirma utilizar o ordenador para tarefas escolares ou relacionadas coa formación, fronte ao 8% do 2007.⁷ Esta utilización é polo menos semanal para o 61,5% deles/as; un dato que de novo matiza á alta o valor de 2007 -57%-.

G.39. FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS ESCOLARES OU RELACIONADAS COA FORMACIÓN




Base: persoas que empregan o ordenador para tarefas relacionadas coa formación.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

7.- Tendo en conta o tamaño desta fracción mostral, non procede realizar cruzamentos coas outras variábeis, dado o tamaño non representativo das distintas sub-mostras resultantes; no entanto, pódese formular algunha observación de tendencia en virtude do sexo.

Un 40% destas persoas utiliza o ordenador para actividades de estudo fóra da aula entre unha e cinco horas á semana. En total, o 58,5% destas persoas emprégano un máximo de cinco horas, mentres que un 17% supera ese tempo; uns datos que practicamente repiten os do ano pasado.


G.40. TEMPO DE UTILIZACIÓN DO ORDENADOR DURANTE A SEMANA PARA ACTIVIDADES DE ESTUDO FÓRA DA AULA



Base: persoas que empregan o ordenador para tarefas relacionadas coa formación.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

A utilización de Internet para actividades de estudo fóra da aula é semellante á do ordenador: 6 de cada 10 usuarios/as con esta finalidade específica conéctanse un máximo de cinco horas, superando ese tempo o 11,1%.

G.41. TEMPO DE UTILIZACIÓN DE INTERNET DURANTE A SEMANA PARA ACTIVIDADES DE ESTUDO FÓRA DA AULA




Base: persoas que empregan o ordenador para tarefas relacionadas coa formación.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

II.6. Elementos de seguridade

Directamente relacionadas coa utilización do ordenador e o acceso a Internet están as cuestións asociadas á seguridade informática.

Case dous terzos da poboación que utilizou algunha vez o ordenador nunca sufriron un problema de seguridade, reducíndose a incidencia de tales problemas con relación á enquisa precedente. Un 28,8%, pola contra, responde afirmativamente, dándose un práctico equilibrio ao sinalar o momento concreto: os últimos tres meses, entre os últimos tres meses e un ano, hai máis de un ano.


G.42. PROBLEMAS DE SEGURIDADE NO USO DO ORDENADOR E/OU ACCESO A INTERNET



Base: persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A perda de información por virus informáticos é o problema máis comunmente padecido, tal e como indica o 80,7% dos/as que se viron afectados/as; unha proporción algo máis de 9 puntos maior que a do ano pasado. Esta porcentaxe aumenta entre as mulleres o mesmo que entre a poboación máis nova, estudante e urbana -o que sería coherente cunha maior exposición a riscos en virtude das súas pautas de uso características-.


G.43. PROBLEMAS DE SEGURIDADE SUFRIDOS NO USO DO ORDENADOR E/OU ACCESO A INTERNET



Base: persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión e tiveron problemas relacionados coa seguridade no último ano.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


A instalación actualizada de dispositivos ou software de seguridade cifrase no 66,2% dos/as usuarios/as de ordenador, e algo máis da cuarta parte está subscrita a algún servizo de Internet que esixe autenticación “on-line”.

G.44. INSTALACIÓN ACTUALIZADA DE SOFTWARE DE SEGURIDADE



Base: persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


G.45. SUBSCRIBIÓN A ALGÚN SERVIZO DE INTERNET QUE ESIXE AUTENTICACIÓN “ON-LINE”



Base: persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Por último, a sinatura electrónica certificada ten aínda unha escasa implantación entre a cidadanía, tal e como reflicte o gráfico nº 46; de feito ese valor non avanzou desde 2007. Ademais dáse unha correlación entre a súa disposición e un maior nivel educativo, como xa puña de manifesto a enquisa precedente. No entanto, agora tamén emerxe esa correlación cunha idade tendencialmente nova, unha condición socio-laboral definida pola realización de estudos ou por unha ocupación e un crecente nivel económico do fogar.

G.46. DISPOSICIÓN DE SINATURA ELECTRÓNICA CERTIFICADA



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

II.7. En síntese

- O 61,8% dos/as galegos e galegas utilizaron algunha vez o ordenador, unha porcentaxe lixeiramente superior ao 58% acadado en 2007. Ademais, 9 de cada 10 persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión fixérono nos tres últimos meses, 7,2 puntos porcentuais máis que en 2007.
- O 61,1% dos usuarios de ordenador emprégano diariamente e un 27,9% utilízao cando menos unha vez á semana. Por tanto, medra a extensión social do uso das novas tecnoloxías, non só en termos absolutos, senón en canto ao seu uso habitual.
- O 55,2% da poboación galega utilizou Internet nalgunha ocasión, superando en máis de 5 puntos porcentuais o 50,1% do ano 2007. Considerando como período de referencia os tres meses anteriores á realización da enquisa, a utilización de Internet en Galiza sitúase no 50,8%, 8 puntos porcentuais máis que no ano 2007, aínda que 5,9 puntos porcentuais por detrás do Estado.
- O 50,5% dos/das galegos/as que accederon á Rede nos últimos tres meses fixérono cunha frecuencia diaria e un 35,2% sinalan unha frecuencia cando menos semanal. Ademais, o 32,7% dos/as internautas estiveron conectados á Rede máis de cinco horas á semana, fronte ao 26,3% do ano 2007.
- A vivenda é o principal lugar de acceso a Internet, mencionado polo 68,7% dos/as internautas galegos/as, seguida polo centro de traballo -42,5%-. Os centros de estudo e os ciber sitúanse en terceiro e cuarto lugar respectivamente, con porcentaxes próximas ao 10%.
- A enquisa analiza, de forma pormenorizada, os contidos e servizos de Internet aos que acceden os/as galegos/as por motivos persoais, destacando o uso do correo electrónico -89,9%- e a busca de información sobre bens e servizos -89,2%-. O acceso a contidos de ocio e a lectura e descarga de publicacións son mencionados por máis da metade dos/as internautas, en tanto que a descarga de programas, as procuras ou trámites en relación á saúde, a participación en “chats” ou foros e a realización de reservas de turismo son aludidas por porcentaxes que oscilan entre o 40% e o 48%.
- As principais actividades informáticas desenvolvidas polos/as galegos/as no ámbito laboral son a utilización de aplicacións ofimáticas -68,7%- e de programas específicos para o exercicio

profesional -60,4%-. A busca e a consulta de información na Rede é o principal uso de Internet con fins laborais, tal e como indican máis de 9 de cada 10 usuarios/as. A unha distancia significativa sitúase a realización de trámites coas Administracións Públicas -31,3%-.

- Un 47,3% dos/das galegos/as que utilizan o ordenador para uso profesional adquiriron os seus coñecementos informáticos mediante o estudo auto-didacta, unha porcentaxe que medrou preto de 6 puntos respecto do 2007. A aprendizaxe regrada e a través de cursos organizados pola propia empresa sitúase arredor do 27%.
- Un 14,8% dos/as traballadores/as que acceden a Internet con fins profesionais desenvolve as súas funcións mediante a fórmula do teletraballo, mantendo o valor de hai un ano.
- O 28,8% dos/as galegos/as que utilizaron algunha vez o ordenador sufriu un problema de seguridade. A perda de información por virus informáticos é o problema máis común -80,7%-, unha porcentaxe 9 puntos superior á do ano anterior. A instalación actualizada de dispositivos ou software de seguridade cífrase no 66,2% das persoas usuarias de ordenador.
- O 7,3% da poboación galega ten sinatura electrónica certificada, un dato practicamente idéntico ao do ano 2007.
- A análise socio-demográfica do uso do ordenador e Internet en Galiza evidencia que a idade, o nivel académico e o nivel de ingresos son as variábeis que determinan máis fortemente o comportamento e pautas de uso da poboación galega en relación ás tecnoloxías da información e da comunicación. A enquisa indica que a utilización do ordenador e de Internet acada as porcentaxes máis altas entre os homes máis novos, cun maior nivel académico, estudando ou economicamente activos e con residencia no hábitat urbano.


III. COMERCIO ELECTRÓNICO

III.1. Perspectiva xeral

Continuando coa análise das relacións da poboación galega coas tecnoloxías da información e a comunicación, en canto actitudes e pautas de uso e consumo, coméntanse neste capítulo os resultados da enquisa nas cuestións relativas á adquisición de bens e servizos a través da Internet.


Un 9,9% dos/as galegos/as mercou algún ben, produto ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses, unha porcentaxe que foi en incremento nos últimos anos. No período 2005-2008 as compras a través de Internet medraron en Galiza o 125% e no conxunto do Estado un 79,7%-.

G.1. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET



Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Base: total de persoas.
Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galiza, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da sociedade da Información, dato de Galiza, anos 2007 e 2008.

Os homes, as persoas máis novas, de crecente nivel académico, estudantes e ocupados/as, cun nivel de renda maior e de contornas urbanas acadan os valores máis altos na adquisición de bens a través de Internet, tal e como proban os cadros seguintes.

C.1. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O SEXO

ADQUISICIÓN	SEXO		Total
	HOMES	MULLERES	
Si	12,3	7,6	9,9
Non	86,7	92,4	89,6
Nr/Ns/Nc	1,0	0,0	0,5
Total	100,0	100,0	100,0
N	592	608	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.2. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

ADQUISICIÓN	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Si	18,0	16,7	12,4	7,5	2,6	0,6	9,9
Non	82,0	82,5	86,8	91,6	97,4	99,4	89,6
Nr/Ns/Nc	0,0	0,8	0,8	0,9	0,0	0,0	0,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	150	246	234	214	190	166	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.3. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

ADQUISICIÓN	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutoramento	Nc	
Si	0,0	0,6	1,2	6,2	19,0	15,0	35,2	11,1	9,9
Non	100,0	99,4	98,4	93,5	80,7	85,0	60,6	88,9	89,6
Nr/Ns/Nc	0,0	0,0	0,4	0,3	0,3	0,0	4,2	0,0	0,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	14	156	254	307	289	100	71	9	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.4. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

ADQUISICIÓN	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL								Total
	Estudante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación	Nc	
Si	16,3	0,6	7,7	4,8	0,5	15,5	0,0	0,0	9,9
Non	83,7	99,4	84,6	95,2	99,5	83,9	90,0	100,0	89,6
Nr/Ns/Nc	0,0	0,0	7,7	0,0	0,0	0,6	10,0	0,0	0,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	98	156	13	84	212	623	10	4	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.5. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

ADQUISICIÓN	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Si	1,6	3,2	9,6	11,1	15,7	15,3	17,1	29,7	8,4	9,9
Non	98,4	96,8	90,0	87,8	84,3	84,7	78,0	70,3	91,3	89,6
Nr/Ns/Nc	0,0	0,0	0,4	1,1	0,0	0,0	4,9	0,0	0,3	0,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	61	187	219	189	121	59	41	37	286	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.6. ADQUISICIÓN NOS ÚLTIMOS TRES MESES DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

ADQUISICIÓN	TIPO DE HÁBITAT			Total
	Urbano	Intermedio	Rural	
Si	12,9	11,6	5,7	9,9
Non	86,4	88,1	93,8	89,6
Nr/Ns/Nc	0,7	0,3	0,5	0,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0
N	435	328	437	1.200

Base: total de persoas.


Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Se ese comportamento se observa non nos últimos tres meses, senón nunha perspectiva temporal máis ampla, a proporción de persoas que algunha vez compraron a través da Rede ascende ao 20,3%, fronte ao 16,7% que se rexistraba no ano 2007 -e modúlase como a merca nos últimos tres meses, coa única diferenza de incorporar ás persoas paradas aos grupos con valores destacados-.



Cando se pregunta ao 79,7% restante os motivos polos que nunca adquiren ningún ben ou servizo por Internet, alúdese principalmente á preferencia polas canles de compra tradicionais -35,1%- e a non ter a necesidade de escoller esta vía -36,9%-.

Por tanto, volve manifestarse a evolución da sociedade galega que se vén sinalando: aumentou a proporción de persoas que mercaron nalgunha ocasión a través de Internet e diminúe a preferencia polas formas tradicionais de comercio ou o descoñecemento sobre como facelo.


G.3. ADQUISICIÓN NALGUNHA OCASIÓN DALGÚN BEN, PRODUTO OU SERVIZO DE USO PRIVADO A TRAVÉS DE INTERNET G.4. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008



G.5. MOTIVOS POLOS QUE NON SE COMPRA A TRAVÉS DE INTERNET




Base: persoas que nunca compraron a través de Internet.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

O 83,6% das persoas que adquiriron ou encargaron algún ben ou servizo, fixérono no último ano -unha proporción que supera en máis de 7 puntos o 76% de 2007-, distribuíndose en proporcións semellantes as alusións ás compras realizadas no último mes e no último trimestre, mentres que as de máis de tres meses e menos de un ano teñen un peso maior.

No último mes efectuáronse por termo medio 3,3 compras a través da Rede -frente ás 2,3 de 2007-, sendo o gasto medio de cada unha delas igual ou inferior a 100 € no 47,4% dos casos -un dato que viría ser estábel en relación coa enquisa anterior-.

G.6. ÚLTIMA ACCIÓN DE COMPRA A TRAVÉS DE INTERNET




Base: persoas que compraron nalgunha ocasión a través de Internet.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Número medio de accións de compra realizadas a través de Internet no último mes: 3,3



G.7. GASTO MEDIO DAS COMPRAS REALIZADAS A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO MES




Base: persoas que compraron a través de Internet no último mes.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O perfil do/a comprador/a a través de Internet corresponde a un varón, ocupado, de entre 35 e 44 anos, con estudos secundarios, alto nivel de ingresos familiares e que vive nunha familia nuclear de ata catro persoas.

A procedencia dos bens e servizos adquiridos no último mes é variada: destacan os bens provenientes do resto do Estado -52,5%-, aos que seguen os doutros países non pertencentes á Unión Europea -22,0%- e os orixinarios de Galiza -20,3%-.


G.8. PROCEDENCIA DOS BENS E SERVIZOS ADQUIRIDOS A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO MES



Base: persoas que compraron a través de Internet no último mes.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Os principais bens e servizos adquiridos a través de Internet no último ano son os produtos turísticos, isto é: a compra de viaxes ou a realización de reservas de aloxamento, cun 42,9%. Os restantes bens sitúanse xa a maior distancia, emprazándose nun segundo nivel a adquisición de libros e revistas, soportes audiovisuais, así como a de boletos de lotaría ou apostas. O material e os programas informáticos, o equipamento electrónico, o deportivo e as entradas para espectáculos supoñen os bens que marcan un terceiro nivel aínda por riba do 10%. Comparando estes datos co ano 2007, obsérvase que as porcentaxes que aluden a produtos turísticos, equipamento informático e electrónico diminuíron, probablemente por razóns de índole económica.

G.8. BENS E SERVIZOS ADQUIRIDOS A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO



Base: persoas que compraron a través de Internet no último ano
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

É destacábel a este respecto que os homes presentan porcentaxes maiores en canto á adquisición de vídeos e música; libros, revistas e material de aprendizaxe electrónico; programas informáticos; material informático, e lotarías e apostas. As mulleres destacan unicamente na merca de equipamento electrónico.

III.2. En síntese

- O 20,3% da poboación galega mercou algunha vez bens ou servizos a través de Internet, fronte ao 16,7% do ano 2007. Considerando como período de referencia os tres meses anteriores á realización da enquisa, a porcentaxe dos/as galegos/as que mercaron algún ben ou servizo a través de Internet sitúase no 9,9%.
- Os dous motivos principais aducidos polo 79,7% das persoas que nunca adquiriron ningún ben ou servizo a través de Internet son: a preferencia polas canles de compra tradicionais -35,1%- e a falta de necesidade de escoller esta vía -36,9%-.
- No último mes efectuáronse por termo medio 3,3 compras a través da Rede, fronte ás 2,3 de 2007, sendo o gasto medio de cada unha delas igual ou inferior a 100 € no 47,4% dos casos.
- Os principais bens ou servizos adquiridos a través de Internet no último ano son os produtos turísticos -42,9%-. En segundo termo sitúanse a adquisición de libros e revistas, os vídeos e a música e as lotarías e apostas, con valores que oscilan entre o 15% e o 20%.
- O perfil socio-demográfico das persoas cun alto promedio de mercas de custe elevado na Rede responde a un home, ocupado, de entre 35 e 44 anos, con estudos secundarios, cun nivel elevado de renda familiar e que pertence a unha familia nuclear.


IV. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE RELACIONADOS CO USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Neste último capítulo ofrécense os resultados da enquisa noutros asuntos de interese relacionados coa utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación. En primeiro lugar abórdase a dispoñibilidade de interfaces en galego e, xa desde unha perspectiva subxectiva, a valoración que a poboación realiza da presenza en Internet dos contidos en lingua galega. En segundo termo analízanse as cuestións relacionadas coa formación no manexo das TIC e coa percepción da poboación respecto do seu grao de familiaridade coas tecnoloxías da sociedade da información, así como en que medida esta é determinante da súa circulación social e laboral.

IV.1. O galego e as novas tecnoloxías

O 11,9% da poboación galega con ordenador no seu fogar ten instalado nel un sistema operativo ou aplicacións en galego, fronte ao 8,6% de 2007.

G.1. EMPREGO DE INTERFACES EN GALEGO EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS E/OU NO SISTEMA OPERATIVO NO FOGAR



Base: persoas q ue dispoñen de ordenador.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.


A maior extensión entre os homes, o seu descenso segundo aumenta a idade, o seu incremento á par do nivel educativo, entre persoas que estudan, traballan ou están en paro, e na secuencia: hábitat intermedio, rural, urbano, son modulacións definidas nesta cuestión, malia expresárense en valores discretos.

En todo caso, a porcentaxe de persoas que empregan interfaces en galego é case o dobre -21,8%- cando

se trata dos individuos que dispoñen de ordenador no traballo -sendo este un indicador non estudado na enquisa de 2007-.

Neste caso a idade actúa de xeito distinto que no caso anterior: o uso de interfaces en galego no traballo aumenta ata os 54 anos, o mesmo que se dá un aumento en paralelo ao do nivel de renda familiar.

G.2. EMPREGO DE INTERFACES EN GALEGO EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS E/OU NO SISTEMA OPERATIVO NO TRABALLO




Base: persoas que utilizan o ordenador no centro de traballo.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

En canto ás formas de adquisición ou descarga destas interfaces en galego, destacan as referencias á páxina oficial da Xunta de Galicia, aludida polo 23,1% dos/as usuarios/as que dispoñen deles no fogar e/ou no traballo. A un 20,7% facilitáronllos amizades ou persoas achegadas, e xa en case idéntica proporción obtivéronse a través do propio centro laboral. Algo por baixo do 10% están as referencias ás páxinas “web” de organismos distintos da Xunta de Galicia ou ás doutros entes, “blogs” etc., sendo residual a súa adquisición no mercado.

G.3. MODO DE ADQUISICIÓN DE INTERFACES EN GALEGO




Base: persoas que empregan interfaces en galego no seu fogar e/ou no seu traballo.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Noutra orde de cousas, un 59,4% das persoas que acceden á Rede considera que a presenza de contidos en galego dispoñíbeis en Internet é “baixa” ou “moi baixa”; un valor case idéntico ao de 2007 -61,9%-, aínda que agora a inhibición a responder sexa maior.

G.4. VALORACIÓN DA PRESENZA EN INTERNET DE CONTIDOS EN GALEGO




Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

A percepción dunha escasa presenza de de contidos en galego na Rede acentúase de xeito significativo entre os varóns, e especialmente canto máis nova e académicamente formada é a poboación; cando estuda ou traballa; dispón dun nivel crecente de renda familiar, e cando vive no medio rural.

Un 30,5% dos/as internautas galegos/as consideran que a dispoñibilidade de contidos en galego na Internet supón un atractivo engadido.

G.5. VALORACIÓN DA DISPOÑIBILIDADE DE DE CONTIDOS EN GALEGO NA INTERNET COMO UN ATRACTIVO ENGADIDO




Base: persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Naturalmente, as persoas máis críticas perante a escasa presenza de contidos en galego na Rede son as que en maior medida os consideran un atractivo.

IV.2. Capacitación no uso de novas tecnoloxías

Un 12,3% dos galegos e galegas asistiu no último ano a actividades formativas sobre tecnoloxías da información e a comunicación ou relacionadas cos servizos da sociedade da información. Aínda que esta porcentaxe aumentou en máis de 5 puntos porcentuais respecto do 2007, a duración media destas accións reduciuse desde as 72 horas ás 55 horas en 2008, un feito que probabelmente ten relación cunha progresiva evolución, desde cursos de informática básica e xenérica, cara a cursos sobre utilidades e aplicacións máis específicas.

G.6. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE TIC OU SERVIZOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DURANTE O ÚLTIMO ANO




Duración media da formación: 55 horas

Vivir no medio rural; estudar, estar en paro ou demandando a primeira ocupación; ser progresivamente máis novo/a, ou ter un nivel crecente de formación académica define unha proporción crecente da realización de cursos ao longo do último ano.

A realización de actividades formativas no último ano mediante “e-learning”, isto é: con predominio do recurso ás actividades e contidos formativos a través da Rede, ten na actualidade un peso do 5,2% sobre o conxunto da poboación, un valor practicamente idéntico ao recollido en 2007.

Esta modalidade de aprendizaxe é máis importante, ademais, igual que ter participado en actividades formativas, conforme a idade é menor e o nivel educativo máis elevado, pero tamén, de xeito diferente que entón, ao residir nun medio progresivamente urbano, estudar e ter un crecente nivel de renda.


G.7. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS MEDIANTE "E-LEARNING" NO ÚLTIMO ANO



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Nun plano máis subxectivo, algo máis da metade da poboación considera que o seu grao de familiaridade coas TIC é "baixo" ou "moi baixo" -o 53,5%, agregadamente-. Un 25,3% cre que é suficiente, mentres que para un 17,7% é "alto" ou "moi alto", reiterándose así o panorama de 2007.

G.8. VALORACIÓN DO GRAO DE FAMILIARIDADE COAS TIC



Base: total de persoas.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A idade é un claro condicionante desta auto-percepción: a medida que diminúe, aumenta o peso das referencias a un "alto" ou "moi alto" grao de familiaridade coas TIC; así, mentres que só un 1,2% dos individuos de 65 a 74 anos xulga "alto" ou "moi alto" o seu nivel, a proporción aumenta progresivamente ata o 36,7% entre os/as máis novos/as.

C.1. VALORACIÓN DO GRAO DE FAMILIARIDADE COAS TIC SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

GRAO DE FAMILIARIDADE COAS TIC	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Moi alto	6,0	7,3	2,6	1,4	1,6	0,0	3,3
Alto	30,7	24,8	15,0	10,7	3,2	1,2	14,4
Suficiente	46,0	34,1	32,5	19,6	12,6	5,4	25,3
Baixo	14,0	22,4	29,1	24,3	18,4	18,7	21,8
Moi baixo	2,7	11,0	19,7	42,1	57,9	62,0	31,7
Ns/Nc	0,6	0,4	1,1	1,9	6,3	12,7	3,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	150	246	234	214	190	166	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Así mesmo, un maior nivel educativo é claramente determinante nesta valoración: mentres que ningunha das persoas que non teñen estudos considera que o seu grao de familiaridade coas TIC é “alto” ou “moi alto”, entre os/as titulados/as universitarios superiores a porcentaxe ascende ata o 49,3%.

C.2. VALORACIÓN DO GRAO DE FAMILIARIDADE COAS TIC SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

GRAO DE FAMILIARIDADE COAS TIC	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñaría técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñaría superior, Doutorad.	Nc	
Moi alto	0,0	0,0	0,4	0,7	5,2	10,0	14,1	11,1	3,3
Alto	0,0	0,6	5,5	10,4	23,2	32,0	35,2	22,2	14,4
Suficiente	0,0	3,2	10,6	27,0	42,6	39,0	33,8	33,3	25,3
Baixo	7,1	7,7	24,4	36,5	18,3	9,0	14,1	33,3	21,8
Moi baixo	71,4	76,3	54,7	23,5	10,4	8,0	2,8	0,0	31,7
Ns/Nc	21,5	12,2	4,4	1,9	0,3	2,0	0,0	0,1	3,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	14	156	254	307	289	100	71	9	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A situación socio-laboral, con algunha relación coa idade, evidencia que son os/as estudantes quen se imputan un maior grao de familiaridade coas TIC: un 34,7% cre que é “alto” ou “moi alto”.

Tamén o aumento do nivel de ingresos familiares e do grao de urbanización do medio, especialmente o primeiro, implican o incremento da percepción de familiaridade coas TIC.


C.3. VALORACIÓN DO GRAO DE FAMILIARIDADE COAS TIC SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

GRAO DE familiaridade COAS TIC	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Moi alto	3,3	1,1	1,8	1,6	5,8	5,1	9,8	13,5	3,1	3,3
Alto	6,6	4,8	7,3	20,6	18,2	30,5	31,6	29,7	14,3	14,4
Suficiente	4,9	16,6	32,4	30,7	25,6	18,6	22,0	27,0	28,0	25,3
Baixo	11,5	21,9	23,7	25,4	27,3	25,4	26,8	16,2	17,1	21,8
Moi baixo	63,9	47,6	32,4	21,7	22,3	20,3	9,8	13,5	32,2	31,7
Ns/Nc	9,8	8,0	2,4	0,0	0,8	0,1	0,0	0,1	5,3	3,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	61	187	219	189	121	59	41	37	286	1.200

Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


Un 38,6% dos galegos e galegas consideran que o seu nivel de destreza no manexo das TIC ten “moita” ou “bastante” importancia no ámbito persoal. Esta porcentaxe acada o 43,6% cando a referencia é a dimensión profesional. A enquisa sinala que máis da metade da poboación valora como “pouco” ou “nada” importante a destreza no manexo das TIC para o seu desenvolvemento social e laboral. Esta perspectiva reitera a que revelaba a enquisa de 2007.

G.9. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC



Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

G.10. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC



Base: total de persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Nesta cuestión as tendencias que mostran os cruzamentos coas principais variábeis socio-demográficas volven ser moi reveladoras e sistemáticas, tanto para o desenvolvemento persoal como para o profesional, manténdose unha maior sensibilidade na perspectiva profesional.

Ademais, obsérvase un paralelismo destas tendencias na vertente persoal e laboral, agás no caso da análise segundo o sexo. Así, o grao de condicionamento das TIC no desenvolvemento persoal é maior entre os homes que entre as mulleres, pero esta diferenza desaparece no ámbito profesional.

C.4. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O SEXO

GRAO DE CONDICIONAMENTO	SEXO		Total
	HOMES	MULLERES	
Nada	30,6	33,4	32,0
Pouco	22,0	25,3	23,7
Bastante	28,7	21,2	24,9
Moito	13,3	14,0	13,7
Ns	5,2	5,1	5,1
Nc	0,2	1,0	0,6
Total	100,0	100,0	100,0
N	592	608	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.5. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O SEXO

GRAO DE CONDICIONAMENTO	SEXO		Total
	HOMES	MULLERES	
Nada	33,3	34,0	33,7
Pouco	16,2	17,6	16,9
Bastante	25,8	23,8	24,8
Moito	19,6	17,9	18,8
Ns	4,2	5,1	4,6
Nc	0,9	1,6	1,2
Total	100,0	100,0	100,0
N	592	608	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Os seguintes cadros demostran que se dá unha maior sensibilidade nestas dúas cuestións segundo a idade é máis nova; máis elevado é o nivel de estudos; entre estudantes e demandantes de primeiro emprego -aproximándose algo os/as ocupados/as ao tratarse de desenvolvemento profesional-; segundo se eleva o nivel de ingresos do grupo familiar, e canto máis urbano é o medio en que se vive.

C.6. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE

GRAO DE CONDICIONAMENTO	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Nada	13,3	16,7	19,7	36,9	49,4	62,7	32,0
Pouco	13,3	24,0	30,8	28,0	26,3	13,9	23,7
Bastante	43,3	35,8	28,6	22,9	11,6	4,8	24,9
Moito	27,3	22,3	17,5	6,1	5,3	2,4	13,7
Ns	2,8	1,2	2,6	4,2	7,3	15,7	5,1
Nc	0,0	0,0	0,9	1,9	0,0	0,5	0,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	150	246	234	214	190	166	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.7. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE

GRAO DE CONDICIONAMENTO	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Nada	8,7	14,6	22,2	36,0	55,3	72,9	33,7
Pouco	12,0	15,9	22,6	20,6	17,4	9,6	16,9
Bastante	35,3	39,9	28,2	25,2	11,7	3,0	24,8
Moito	40,7	28,0	23,5	11,2	6,8	1,8	18,8
Ns	0,7	1,6	2,6	5,6	7,9	10,9	4,6
Nc	2,6	0,0	0,9	1,4	1,1	1,8	1,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	150	246	234	214	190	166	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.8. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

GRAO DE CONDICIONAMENTO	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñaría técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñaría superior, Doutorado	Nc	
Nada	57,1	69,9	38,2	24,8	23,2	14,0	15,5	22,2	32,0
Pouco	14,3	15,4	28,7	30,9	17,3	20,0	22,5	44,5	23,7
Bastante	7,1	1,9	17,3	28,0	35,6	39,0	29,6	22,2	24,9
Moito	0,0	0,6	7,9	10,4	21,8	25,0	31,0	11,1	13,7
Ns	21,5	11,6	7,5	4,9	2,1	1,0	0,0	0,0	5,1
Nc	0,0	0,6	0,4	1,0	0,0	1,0	1,4	0,0	0,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	14	156	254	307	289	100	71	9	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.9. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

GRAO DE CONDICIONAMENTO	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado	Nc	
Nada	57,1	76,9	46,5	29,0	17,3	9,0	9,9	33,4	33,7
Pouco	14,3	9,0	20,9	21,5	15,6	13,0	11,3	22,2	16,9
Bastante	7,1	2,6	16,9	27,7	33,9	40,0	35,2	22,2	24,8
Moito	0,0	0,6	8,3	16,3	29,4	36,0	42,3	22,2	18,8
Ns	21,5	9,6	7,1	3,9	2,1	1,0	1,3	0,0	4,6
Nc	0,0	1,3	0,3	1,6	1,7	1,0	0,0	0,0	1,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	14	156	254	307	289	100	71	9	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.10. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

GRAO DE CONDICIONAMENTO	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL							Nc	Total
	Estudante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación		
Nada	14,3	48,1	7,7	28,6	54,7	23,8	50,0	25,0	32,0
Pouco	14,3	28,8	7,7	34,5	18,4	24,4	20,0	50,0	23,7
Bastante	45,9	9,6	53,8	19,0	10,4	30,7	20,0	25,0	24,9
Moito	23,5	2,6	30,8	14,3	3,3	18,3	0,0	0,0	13,7
Ns	2,0	10,3	0,0	2,4	11,8	2,6	10,0	0,0	5,1
Nc	0,0	0,6	0,0	1,2	1,4	0,2	0,0	0,0	0,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	98	156	13	84	212	623	10	4	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.11. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

GRAO DE CONDICIONAMENTO	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL							Nc	Total
	Estudante	Tarefas do fogar	Demandantes de 1º emprego	Desempregados/as	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación		
Nada	8,2	55,1	15,4	29,8	68,9	21,3	20,0	50,0	33,7
Pouco	10,2	16,7	7,7	22,6	10,8	19,1	40,0	25,0	16,9
Bastante	36,7	8,3	38,4	28,6	6,6	32,6	20,0	25,0	24,8
Moito	39,8	4,5	30,8	14,2	3,3	24,9	10,0	0,0	18,8
Ns	2,0	12,8	7,7	2,4	8,4	1,9	10,0	0,0	4,6
Nc	3,1	2,6	0,0	2,4	1,9	0,2	0,0	0,0	1,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	98	156	13	84	212	623	10	4	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.12. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

GRAO DE CONDICIONAMENTO	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Nada	47,5	42,8	30,1	21,2	22,3	22,0	7,3	24,3	40,9	32,0
Pouco	24,6	23,5	26,9	27,0	28,9	16,9	29,3	18,9	17,8	23,7
Bastante	6,6	15,0	23,3	32,8	31,4	37,3	39,0	29,8	23,5	24,9
Moito	3,3	6,4	15,1	15,9	17,4	23,8	22,0	27,0	11,5	13,7
Ns	16,4	10,7	4,6	3,1	0,0	0,0	0,0	0,0	5,6	5,1
Nc	1,6	1,6	0,0	0,0	0,0	0,0	2,4	0,0	0,7	0,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	61	187	219	189	121	59	41	37	286	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.13. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

GRAO DE CONDICIONAMENTO	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600 €	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Nada	54,1	43,3	32,9	28,6	22,3	22,0	9,8	13,5	40,2	33,7
Pouco	16,4	18,7	20,1	16,4	19,8	16,9	24,4	10,8	12,2	16,9
Bastante	8,2	20,4	21,0	32,8	26,5	35,6	29,3	40,6	23,5	24,8
Moito	9,8	7,5	20,1	19,6	28,9	25,5	31,7	35,1	16,8	18,8
Ns	11,5	8,0	5,0	1,5	1,7	0,0	2,4	0,0	5,9	4,6
Nc	0,0	2,1	0,9	1,1	0,8	0,0	2,4	0,0	1,4	1,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
N	61	187	219	189	121	59	41	37	286	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.14. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

GRAO DE CONDICIONAMENTO	TIPO DE HÁBITAT			Total
	URBANO	INTERMEDIO	RURAL	
Nada	26,7	35,1	35,0	32,0
Pouco	23,9	20,7	25,6	23,7
Bastante	26,9	27,7	20,9	24,9
Moito	17,0	11,3	12,1	13,7
Ns	4,6	4,9	5,9	5,1
Nc	0,9	0,3	0,5	0,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0
N	435	328	437	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

C.15. GRAO DE CONDICIONAMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL POLO NIVEL DE DESTREZA NO MANEXO DAS TIC SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

GRAO DE CONDICIONAMENTO	TIPO DE HÁBITAT			Total
	URBANO	INTERMEDIO	RURAL	
Nada	28,5	33,2	39,1	33,7
Pouco	16,6	15,9	18,1	16,9
Bastante	26,0	26,8	22,2	24,8
Moito	21,5	18,6	16,0	18,8
Ns	5,3	4,0	4,6	4,6
Nc	2,1	1,5	0,0	1,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0
N	435	328	437	1.200

Base: total de persoas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

IV.3. En síntese

- O 11,9% da poboación galega con ordenador no seu fogar ten instalado nel un sistema operativo ou aplicacións en galego mentres que esta porcentaxe é case o dobre -21,8%- cando se fai referencia á implantación do galego nas aplicacións dos ordenadores do centro de traballo.
- As principais fontes de descarga ou adquisición das interfaces en galego son: a páxina web da Xunta de Galicia -23,1%-, os centros de traballo e as persoas achegadas, con valores por volta do 20%.
- Un 30,5% dos/as internautas considera que a dispoñibilidade de contidos en galego na Internet supón un atractivo engadido. En relación ao ano 2007 produciuse un importante retroceso na percepción negativa da presenza do galego na Rede e un aumento da indiferenza.
- Un 12,3% da poboación galega asistiu no último ano a actividades formativas sobre as tecnoloxías da información e a comunicación ou relacionadas cos servizos da sociedade da información, cun aumento de 5 puntos porcentuais respecto do 2007.
- Un 53,5% dos galegos e galegas considera que o seu grao de familiaridade coas TIC é “baixo” ou “moi baixo”. A enquisa sinala que máis da metade da poboación valora como “pouco” ou “nada” importante a destreza no manexo das TIC para o seu desenvolvemento social e laboral.
- Analizando estes resultados segundo as variábeis de clasificación, obsérvase que a poboación rural destaca en canto á realización de actividades formativas no eido das TIC e amosa unha notábel sensibilidade en relación á presenza do galego na Rede.



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xera de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia